



Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos

As necesidades da sociedade actual son cambiantes debido ao gran número de innovacións tecnolóxicas que están a aparecer de xeito continuo. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades está a traballar constantemente para adaptar os proxectos que lidera ás novas contornas tecnolóxicas e ás diferentes circunstancias que xorden na comunidade educativa.

As políticas europeas recoñecen a necesidade de dotar a toda a cidadanía das competencias e recursos necesarios para utilizar as tecnoloxías dixitais de forma crítica e creativa tal como indica o Marco Europeo de Competencia Dixital (DigComp) e acadar un benestar dixital da sociedade, marco que foi trasposto e concretado, para a súa mellor aplicación á realidade do contexto galego, polo Marco Galego de Competencias Dixitais.

Nesa liña, a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación segundo a redacción establecida pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de setembro, (LOMLOE) establece no seu apartado 5 do artigo 111 bis que, «as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe”.

Así mesmo, a Estratexia Galicia Dixital 2030 indica no seu eixe 3, Entorno dixital para a Saúde e o Benestar Social, pautas para o uso eficiente das tecnoloxías dixitais. De igual forma, a Estratexia de Educación Dixital 2030 pretende fomentar o ecosistema educativo dixital e perfeccionar as competencias e capacidades dixitais das comunidades educativas mediante a actuación nos ámbitos do alumnado, profesorado, familias, centros educativos e comunidade educativa en xeral.





Por este motivo, a Consellería pon a disposición da comunidade educativa recursos e proxectos orientados á capacitación de nenos, nenas e adolescentes para que, de forma autónoma, poidan desenvolverse na Internet, sendo o obxectivo final acadar as habilidades e competencias dixitais que lles permitan participar de forma activa, positiva e saudable neste mundo dixital.

Está demostrado que a tecnoloxía ten un impacto positivo no rendemento académico do alumnado cando se fai un uso axeitado e equitativo xa que da acceso a numerosos recursos educativos que facilitan a aprendizaxe, adaptándose ás necesidades individuais e axudando ao desenvolvemento de habilidades e competencias dixitais que son indispensables no mundo actual. Así, todas as persoas somos conscientes da necesidade dun uso seguro e saudable de Internet e outras tecnoloxías, así como do fomento da cidadanía dixital responsable na infancia e a adolescencia.

Concienciar aos nenos, nenas e adolescentes no uso responsable dos teléfonos móbiles e outros dispositivos debe ser unha responsabilidade compartida entre as familias, os centros educativos e as institucións e así o sinala a Axencia Española de Protección de Datos.

A Asociación Española de Pediatría (2023) indica, entre outras consideracións, que un mal uso da tecnoloxía dixital por parte dos e das xoves afecta ao neurodesenvolvemento e á aprendizaxe.

Neste sentido a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 incorpora ao seu plan de traballo o principio de *Adaptación á transformación dixital* que, en consonancia coa Estratexia para a Educación Dixital 2030, pretende fomentar un ecosistema educativo dixital e perfeccionar as competencias e capacidades dixitais das comunidades educativas. No marco desta estratexia desenvolveranse actuacións para que o 100% dos centros educativos contén con medidas que incidan nunha convivencia dixital responsable.





En desenvolvemento da Estratexia Galega de Convivencia Escolar, o Consello da Xunta aprobou recentemente o Plan Integral contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar que recolle iniciativas coordinadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en colaboración con diferentes departamentos do goberno galego como a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Sanidade, a Consellería de Promoción do Emprego e a Igualdade, a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Consellería de Política Social e Xuventude co obxectivo, entre outros, de loitar contra aquelas situacións contrarias á convivencia froito do uso indebido das tecnoloxías da relación, a información e a comunicación (TRIC).

Por outra banda, o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño de 2011, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece no seu artigo 19.4 unha norma de convivencia de aplicación directa en todos os centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que ofrezan algunha das ensinanzas reguladas na lei orgánica educativa en vigor, ao establecer que se prohíbe o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. O texto engade que, excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica.

Esta norma mínima, por cuxo obrigado cumprimento debe velar o equipo directivo do centro, o claustro e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, pode ser desenvolvida polos centros docentes co obxectivo fundamental de propiciar unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa e lograr así un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

Nesa liña, son numerosos os centros docentes da Comunidade Autónoma que teñen recollido nas súas normas de convivencia restricións ao uso de teléfonos móbiles que





van máis alá da norma mínima recollida no decreto, con resultados para a convivencia valorados como positivos por toda a comunidade educativa.

O artigo 29 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, establece que a consellería competente en materia de educación desenvolverá e promoverá actuacións que contribúan a mellorar a convivencia escolar nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, o que inclúe, por exemplo, a posta en común de aspectos relacionados coa convivencia escolar e o asesoramento para a elaboración e seguimento dos plans de convivencia nos centros docentes.

Neste sentido, o artigo 16.4 do mesmo decreto establece que a consellería con competencias en materia de educación, a través dos servizos de Inspección Educativa, pode supervisar a elaboración, o desenvolvemento e a avaliación dos plans de convivencia dos centros docentes, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.

Así mesmo, a consellería con competencias en materia de educación está habilitada polo artigo 17.2 do decreto para difundir o que considere como boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar, como as normas de convivencia que se recollen no protocolo que se aproba pola presente Orde.

Tendo en conta, tal e como sinala o artigo 4 do Decreto 8/2015, que todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar e participan na elaboración e desenvolvemento do plan e as normas de convivencia e coa intención de abrir un debate que permita un amplo consenso sobre a nova regulación de uso dos dispositivos móbiles, realizáronse diversos encontros entre a administración educativa e representantes das direccións dos centros por medio da Xunta Autonómica de directores e directoras, coas direccións de centros concertados, e coas asociacións de nais e pais máis representativas.

De acordo co exposto e co ánimo de estender os resultados positivos das boas prácticas para a convivencia identificadas nos centros docentes de niveis non





universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades aproba e pon á disposición dos centros un protocolo para o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos.

O obxecto deste protocolo é promover a implantación das boas prácticas identificadas no uso destes dispositivos e, en consecuencia, propoñer as pautas de actuación e intervención que se estima necesario adoptar para garantir a convivencia nos centros educativos, contribuíndo, deste xeito, a xerar un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación.

Este protocolo ten un carácter básico e deberá ser contextualizado ou adaptado ao centro e á súa contorna para, finalmente, ser incluído nas súas normas de convivencia. De acordo co anteriormente exposto e coa finalidade de manter un equilibrio entre os beneficios da tecnoloxía e os impactos negativos que o uso de teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos poida xerar no benestar físico, mental emocional e social do alumnado, como conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

ACORDO

1. Aprobar o protocolo sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, que se recolle no anexo.

O obxecto do protocolo é o de identificar as boas prácticas na materia e, en consecuencia, propoñer as pautas de actuación e intervención que se estima necesario adoptar coa finalidade de garantir unha boa convivencia e acadar un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos.





2. Este protocolo difundirase á toda a comunidade educativa e se poñerá a disposición de todos os centros docentes indicados no número anterior.

3. O protocolo ten un carácter básico e deberá ser contextualizado ou adaptado ao centro educativo e á súa contorna para, finalmente, ser incluído nas normas de convivencia.

4. Os servizos de Inspección Educativa supervisarán a adaptación das normas de convivencia dos centros a este protocolo e prestarán o asesoramento necesario para este fin, de acordo co establecido no artigo 16.4 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño de 2011, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

En Santiago de Compostela, a 4 de xaneiro de 2024

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González

